

PAPIROFLEXIA

A **Papiroflexia** (tamén chamado **Origami** que significa literalmente "dobrar papel") é a arte de dobrar e desdorar un papel coa axuda das mans ata formar unha figura, é dicir o conxunto de técnicas coas que se fan figuriñas de papel a través de dobreces, sen utilizar pegamento.

Ten moitísimos beneficios para os máis pequenos e non tan pequenos, é unha actividade para tódolos públicos xa que hai distintos niveis de dificultade. Algúns destes beneficios son os seguintes:

- **Desenvolve a imaxinación:** pódense facer deseños propios e crear novas figuras.
- **Mellora a memoria, a atención e a concentración:** aprenden a manterse concentrados nunha tarefa xa que hai que recordar as dobreces feitas, que se fai a continuación e mesmo repetir de memoria. Mesmo podes chegar a relaxarte!
- **Desenvolve a destreza manual e a coordinación óculo-manual:** é preciso dobrar o papel con precisión e detalle.
- **Traballa a paciencia:** non sempre sae ben a primeira e apréndese dos erros polo que tamén reforza a autoestima.
- **Contribúe a traballar conceptos espaciais:** diante-detrás, arriba-abaxo.

¡Animádevos a probar e a descubrir quizais un novo talento!

A continuación aparecen uns **enlaces a vídeos** con algunhas figuras de nivel fácil pero tamén deixamos o enlace a unha web na que atoparedes moitísimas ideas clasificadas por niveis.



https://www.youtube.com/watch?v=IO5gnvXGLps&feature=emb_logo



<https://www.youtube.com/watch?v=68oz7mCVLKY>



<https://www.youtube.com/watch?v=Z18MJVKGANA>



<https://www.papiroflexiamania.com/>

Tamén vos deixamos algunha que outra **historia contada con papel**, para que vexades que as historias poden ser contadas de moitísimas formas.



<https://www.youtube.com/watch?v=vRVOZhC3oP0>



<https://www.youtube.com/watch?v=dQ-IIJDFsk>

¡ESPERAMOS QUE DESFRUTEDES ESTAS ACTIVIDADES!

(Podedes facer unha figura ao día e ir facendo unha exposición pouco a pouco)